

| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|-----------------------------------------------------|--------------------|------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2012/13 |
| Asignatura (*) | Teoría e historia da actividade física e do deporte | | Código | 620G01003 |
| Titulación | Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Educación Física e Deportiva | | | |
| Coordinación | López Villar, Cristina | Correo electrónico | cristina.lopezv@udc.es | |
| Profesorado | López Villar, Cristina | Correo electrónico | cristina.lopezv@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código | Competencias da titulación |
| A1 | Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres. |
| A3 | Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados. |
| A4 | Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas. |
| B3 | Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo. |
| B5 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán. |
| B7 | Xestionar a información. |
| B9 | Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico. |
| B12 | Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles. |
| B13 | Coñecer e aplicar metodoloxías de investigación que faciliten a análise, a reflexión e cambio da súa práctica profesional, posibilitando a súa formación permanente. |
| B15 | Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?). |
| B16 | Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte. |
| B19 | Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|-----------------|----------------------------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | | | Competencias da titulación |
| - Comprender e diferenciar as teorías e propostas epistemolóxicas do ámbito das ciencias da actividade física e do deporte | A1 A4 | B3 B4 B16 | C1 C4 |

| | | | |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro | Asinado | 13/12/2023 12:24:58 |
| Observacións | | Páxina | 1/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



| | | | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|------------------|----------|
| - Entender a realidade das ciencias da actividade física e o deporte como froito dun proceso histórico | A1 | B7 B9 | C7 |
| - Desenvolver unha actitude crítica ante a realidade e problemática das Ciencias da Actividade Física e do Deporte | A1 A3 | B13 B19 | C7 |
| - Realizar e expoñer traballos académicos con corrección tanto de forma individual como colectiva | | B4 B16 | C1 C3 |
| - Analizar a importancia da ética profesional no ámbito da actividade física e o deporte para o desenvolvemento dunha cidadanía responsable. | A1 | B5 B12 B15 | C4 |

| Contidos | |
|------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1. TEORÍA E HISTORIA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE | <ul style="list-style-type: none"> - Definicións básicas. - A Ciencia histórica e a Filosofía das Ciencias da Actividade Física e do Deporte. - Aspectos epistemolóxicos sobre as ciencias da actividade física e o deporte como ciencia. |
| TEMA 2. O LUGAR DO CORPO NAS CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE | <ul style="list-style-type: none"> - Aspectos epistemolóxicos - Corpo, deporte espectáculo, medios de comunicación e cultura de consumo. - A cultura corporal na educación física. |
| TEMA 3. DAS ORIXES DO DEPORTE AO DEPORTE ACTUAL | <ul style="list-style-type: none"> - Orixes e configuración da actividade física moderna. - A educación física e a ximnasia en Europa. - A deportivización s. XIX e XX. - O deporte como fenómeno de masas. - As mulleres e o seu papel na historia do deporte. |
| TEMA 4. HISTORIA DO DEPORTE EN ESPAÑA E GALICIA | <ul style="list-style-type: none"> - O deporte en España. Fases. - Historia das Facultades de Ciencias da Actividade Física e o Deporte. - Pioneiras do deporte. As mulleres na historia do deporte galego. - Do deporte elitista ao deporte democrático. |
| TEMA 5. ÉTICA E DEPORTE | <ul style="list-style-type: none"> - Valores e contravalores do deporte. - Dereitos humanos e deporte. - Aspectos éticos sobre os abusos sexuais, a dopaxe, diversidade cultural e xénero no deporte. |

| Planificación | | | |
|---------------------------|-------------------|-------------------------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | 4 | 16 | 20 |
| Presentación oral | 3 | 6 | 9 |
| Sesión maxistral | 15 | 10 | 25 |
| Aprendizaxe colaborativa | 13 | 12 | 25 |
| Prácticas a través de TIC | 1 | 6 | 7 |
| Traballos tutelados | 10 | 10 | 20 |
| Solución de problemas | 2 | 10 | 12 |
| Proba de ensaio | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| | | | |
|--------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 3b8DR4HSVYCOY88m5dRjmQ== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro | Asinado | 13/12/2023 12:24:58 |
| Observacións | | Páxina | 2/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/3b8DR4HSVYCOY88m5dRjmQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



| Metodoloxías | |
|---------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados. |
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. |
| Aprendizaxe colaborativa | Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten, sintetizan ou elaboran contidos sobre un tema, previo análise de documentación. |
| Prácticas a través de TIC | O alumnado participará a través da plataforma virtual no proceso de ensinanza-aprendizaxe da materia. |
| Traballos tutelados | Conxunto de traballos presencias e non presencias, en grupo sobre contidos da materia. |
| Solución de problemas | Conxunto de problemas sobre ética e deporte que o alumnado terá que resolver en grupo. |
| Proba de ensaio | Consistirá nun exame de preguntas para desenvolver. O alumnado terá que demostrar a súa capacidade para relacionar coñecemento e realizar análisis críticas, así como os seus coñecementos. |

| Atención personalizada | |
|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| Aprendizaxe colaborativa | As actividades reflectidas son aquelas que demandan a asistencia do alumnado ás titorías. Nesta materia contémpanse 3 tipos diferentes de titorías: |
| Presentación oral | - En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse a indicación do profesorado para revisar os traballos grupais. |
| Traballos tutelados | - Titorías individualizadas utilizando o despacho ou a plataforma Moodle. |
| Proba de ensaio | - Titorías persoais/grupais no despacho da profesora. |
| | * O alumnado que xa cursou a materia pode acudir ás titorías personalizadas sempre que o precise. |

| Avaliación | | |
|---------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
| Lecturas | Cada alumno/a terá que realizar a lectura dun artigo científico do campo da historia ou da filosofía do deporte. Entregará un comentario onde terá que demostrar que cita correctamente as fontes de consulta, así como unha redacción axeitada. | 15 |
| Traballos tutelados | Dentro da nota dos traballos tutelados inclúese a aprendizaxe colaborativa e a presentación oral. As condicións dos traballos explicaranse na aula e a súas temáticas serán: - Historia das mulleres e o deporte (20%) - Corpo deportivo e publicidade (10%) - Historia personal (15%) | 45 |
| Proba de ensaio | Exame escrito ou oral, no que o alumnado demostrará a coñecementos e capacidade de análise e crítica. | 40 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |

| | | | |
|--------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro | Asinado | 13/12/2023 12:24:58 |
| Observacións | | Páxina | 3/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



- Sobre o 100% da nota final existe un 10% de nota para aquelas persoas que realicen traballos voluntarios ou que queiran optar á calificación de Matrícula de Honra.
- Para superar a materia é preciso aprobar tanto a proba de ensaio como os traballos. Non se fará media se non se aproban cada unha das tres partes da avaliación: lectura, traballos tutelados, proba de ensaio.- Cando na primeira convocatoria se suspenda algunha das partes gardarase a nota das partes aprobadas durante 4 cursos escolares.
- A asistencia ás clases grupais é obrigatoria, cada dúas faltas de asistencia suporá 0.5 ptos menos na nota final.
- O alumnado con necesidades específicas especiais poñerase en contacto coa profesora ao inicio do curso para valorar a posibilidade dunha avaliación alternativa.

Fontes de información

| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ao alumnado que non sabe escribir axeitadamente que consulte manuais de ortografía ou de redacción de textos, xa que nesta materia terase en conta a corrección nos textos para a nota final.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

| | | | |
|--------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Miguel Ángel González Valeiro | Asinado | 13/12/2023 12:24:58 |
| Observacións | | Páxina | 4/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/3b8DR4HSVYc0Y88m5dRjmQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

